



<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100U	<i>Expediente</i> CON/36/2016	<i>Fecha</i> 07-04-17 11:49

Sello o Certificación Mecánica

Número 21 .- Proposta da alcaldía relativa á adxudicación do contrato de "Servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela"

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 07 de abril de 2017, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 21 .- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "SERVIZO DE OPERACIÓN E MANTEMENTO DA REDE DE DATOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA".

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta da alcaldía, de data 17 de marzo de 2017. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, número 2017/184 de data 5.4.17.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Martíño Noriega Sánchez, Alcalde, en relación á licitación "Servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias propias desta Alcaldía,

EXPÓN:

Primeiro: Con data 21 de febreiro de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ACUNTIA SA.

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG11100U	CON/36/2016	07-04-17 11:49

Segundo: Con data 16 de marzo, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta Alcaldía procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **ACUNTIA SA** por un importe de **43.460'53 euros/ano** (IVE aparte 21%: 9.126'71 euros/ano), ó ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete un total de sete horas presenciais diarias e unha bolsa de cincuenta horas anuais para traballos de consultoría e asistencia.

Designase como responsable do contrato a Jesús Rodríguez Castro, xefe de servizo de informática.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **010 92001 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 39.440'43 euros.
Anualidade 2018: 52.587'24 euros.
Anualidade 2018: 13.146'81 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de "Servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago de Compostela", a favor da empresa **ACUNTIA SA** por un importe de **43.460,53 euros/ano** (IVE aparte 21%: 9.126,71 euros/ano), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11100U	<i>Expediente</i> CON/36/2016	<i>Fecha</i> 07-04-17 11:49

Así mesmo, compromete un total de sete horas presenciais diarias e unha bolsa de cincuenta horas anuais para traballos de consultoría e asistencia.

Designase como responsable do contrato a Jesús Rodríguez Castro, xefe de servizo de informática.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **010 92001 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2017: 39.440'43 euros.

Anualidade 2018: 52.587'24 euros.

Anualidade 2018: 13.146'81 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández



